

A Coruña, 10 de marzo de 2026

Liderará un equipo de catro especialistas que espera ampliar para o desenvolvemento das áreas de súper especialización

O Dr. David Martínez Ares nomeado novo xefe do renovado Servizo de Aparato Dixestivo do Hospital HM Modelo

- O novo xefe do Servizo impulsará un proxecto asistencial baseado en catro áreas estratéxicas de especialización: patoloxía biliar e pancreática, neurogastroenteroloxía, gastrooncoloxía e hepatoloxía
- HM Hospitales acometerá unha actualización integral do equipamento tecnolóxico do Servizo, incorporando solucións avanzadas en endoscopia, ecografía e probas funcionais dixestivas para reforzar a precisión diagnóstica e terapéutica

HM Hospitais puxo en marcha na Coruña un renovado Servizo de Aparello Dixestivo, liderado polo Dr. David Martínez Ares. Trátase dunha estrutura asistencial integral que articula a área clínica e o desenvolvemento das técnicas diagnósticas e terapéuticas máis vangardistas en catro áreas especializadas: patoloxía biliar e pancreática, neurogastroenteroloxía, gastrooncoloxía e hepatoloxía.

Tal e como explica o Dr. Martínez, “este servizo nace co obxectivo de ofrecer unha atención multidisciplinar, centrada no paciente, que logre consolidar a HM Hospitais como referente no diagnóstico e tratamento das enfermidades dixestivas en Galicia”. Nesta nova etapa acompañan ao doutor os catro especialistas que xa formaban parte do seu equipo, aínda que esperan incorporar outros novos para o desenvolvemento de todas as áreas de superespecialización.

Este novo proxecto susténtase nun forte investimento de HM Hospitais, cunha posta ao día de toda a súa dotación tecnolóxica e poñendo ao dispor dos especialistas a tecnoloxía máis avanzada en endoscopia, ecografía e en probas funcionais dixestivas.

Pola súa banda, a directora Médica de HM Hospitais na Coruña, a Dra. Paula Martínez Espada, mostrouse moi satisfeita con esta aposta: “É un novo proxecto

con visión de futuro que con seguridade será moi ben recibido non só polos pacientes, que dispoñerán dun abanico de servizos moito máis amplo e de maior complexidade, senón tamén por outros equipos médicos derivadores de pacientes, ademais de contribuír á captación de talento polas posibilidades de desenvolvemento profesional que ofrece”.

Patoloxía biliar e pancreática e neurogastroenteroloxía

No ámbito da patoloxía biliar e pancreática, área na que o equipo do Dr. Martínez Ares xa era referente na medicina privada galega, reforzase coa implementación de novos procedementos intervencionistas guiados por ecoendoscopia para o tratamento da patoloxía biliopancreática, así como a colanxioscopia diagnóstica e terapéutica, clave na abordaxe de lesións complexas da árbore biliar.

Así mesmo, a neurogastroenteroloxía constituirá unha liña prioritaria, centrada no diagnóstico e tratamento dos trastornos funcionais e motores do aparello dixestivo. O servizo integrará probas funcionais (incluída a manometría esofáxica de alta resolución e a pH-impedanciometría) e ampliará as opcións terapéuticas endoscópicas para patoloxías como os trastornos motores esofáxicos, os divertículos (tamén o divertículo de Zenker) e a gastroparesia, incorporando técnicas avanzadas de endoscopia do "terceiro espazo", nas que o equipo médico dispón xa de ampla experiencia.

Gastrooncoloxía e hepatoloxía

A área dedicada á gastrooncoloxía suporá tanto o fortalecemento da consulta especializada como das técnicas de diagnóstico endoscópico avanzado en lesións preneoplásicas e neoplasias precoces do tubo dixestivo, como o esófago de Barrett, a gastrite crónica, as neoplasias precoces de esófago e estómago, así como as neoplasias precoces colorrectais. De forma paralela, o Servizo ofrecerá tratamento endoscópico avanzado de lesións complexas mediante resección endoscópica mucosa, disección submucosa endoscópica (ESD), reseccións transmuraais e técnicas para a resección de lesións subepiteliais, sempre apoiadas por tecnoloxía de última xeración.

Finalmente, a Unidade de Hepatoloxía intensificará a súa actividade no diagnóstico e tratamento das enfermidades hepáticas, con especial atención á enfermidade por fígado graxo de orixe metabólico asociada á epidemia de obesidade. Para iso troduciranse, ademais de consultas monográficas, a Unidade de Ecografía Hepática e Elastografía, que permitirá un seguimento preciso e personalizado destas patoloxías.

Por outra banda, a próxima apertura dunha Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria no Hospital HM Modelo permitirá ao equipo dispoñer dun quirófano híbrido que constituirá un plus para o desenvolvemento do Servizo.

A través da posta en marcha deste novo Servizo, HM Hospitais reafirma o seu compromiso coa excelencia clínica, a innovación tecnolóxica e a atención centrada na persoa, buscando mellorar a prevención, o diagnóstico precoz e os resultados terapéuticos, situándose como referente en Galicia.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 traballadores laborais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardioloxía, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Irene Montero Díaz

 981 21 66 77  647 56 48 65

 irenemontero@octo.es

 www.hmhospitales.com